

IGREXA DE SANTA MARINHA DE ESTEIRO



CLARA LAGO CAAMAÑO
E
ADRIÁN ABEIJÓN VALLE

ÍNDICE:

Santa Mariña de Esteiro

Introdución

Santa Mariña

Datos xeográficos

Cronoloxía

Datos históricos

Datos socioeconómicos

Obras

Inauguración

Descrición

Conservación

Anécdota

Curiosidades

Festas relixiosas

Fontes

Anexo

INTRODUCCIÓN

Entre os séculos XVII e XVIII, construíuse no lugar de solleiros unha igrexa rodeada polo cemiterio, pero durante o século XX aumentou a poboación do pobo de Esteiro (situado na Ría de Muros e Noia) e deixou que a antiga igrexa quedase pequena.



O párroco escribiulle unha carta ao Arcebispo de Santiago solicitándolle axuda para a construción dunha igrexa para o pobo con máis espacio e mellores instalacións e aclarou na carta que para iso realizaría pequenos sacrificios animado pola bendición e o apoio económico.

O párroco Don Xosé Rodríguez Romero quixo render unha homenaxe aos crentes para agradecerlle a súa fe en aqueles tempos difíciles e valorar o seu sacrificio, xenerosamente fixo

unha petición popular co fin de construír unha nova igrexa. Traballou infatigablemente e coa axuda de todo o pobo “pedra a pedra”.

O párroco quixo agradecer tamén ao Monseñor Don Xulián Barrio Barrio, arcebispo de Santiago de Compostela, que, ca humildade que o caracteriza, aceptou, amablemente, a petición de doar unha importante suma de diñeiro.

Baixo a supervisión do mestre de obras Ramón Fernández fíxose na Agra das Pedras construíuse unha igrexa de pedra, planta en cruz, fachada lisa e sen relevos (de imitación neoclásica) rematada nunha torre sobre na que hai unha imaxe do Sagrado Corazón de Xesús que lle da a igrexa un carácter único.

Un templo forte e pero carecente de adornos exteriores e fachada pouco estética.

A nova e reformada igrexa de Santa Mariña de Esteiro bendiciuse e inaugurouse o 18 de Xullo de 1956 polo cardeal-arcebispo de Santiago de Compostela, o Doutor Don Fernando Quiroga Palacios (acompañado de moitos sacerdotes e seminaristas da comarca).

SANTA MARIÑA

Conta a lenda que santa Mariña xurdiu do mar e deixou as súas pegadas en Parameán o que nos leva ao mito clásico de Venus (neste caso celta) que sae de entre as ondas mariñas nunha cuncha e que inspirou a moitos artistas do renacemento.

A haxiografía oficial cristiá conta que Mariña, filla dun sacerdote pagán, que naceu en Xinzo de Limia (Ourense) nos primeiros anos do cristianismo, xa de moi nena se converteu en cristiá. Cando tiña quince anos, o prefecto romano Olivio quixo casar con ela. Ao rexeitar a voda, denunciárona, torturárona, botárona a unha fogueira e finalmente cortáronlle a cabeza. Dise que, como noutras vidas de santos, ao ser degolada, a súa cabeza deu tres botes e xurdiron tres fontes.

Os peregrinos que ían a Santiago, engaiolados pola fragancia desta santa, regresaban, estendendo a súa devoción polo camiño, de xeito que a súa fama chegou a moitos lugares.

Santa Mariña tamén é patroa dos concellos de Teo (a Coruña), Xinzo de Limia (Ourense) e As Neves e Cambados (Pontevedra)

DATOS XEOGRÁFICOS

Esteiro sitúase entre os quilómetros 21 e 24 da estrada C-550 (Noia-Muros), que é un dos lugares máis bonitos e pintorescos da ribeira de Galicia.



En este encantador lugar situado ao Norte da preciosa ría que forma o Tambre ao abrazarse co Atlántico ao abrigo dos cabos Casarrica e a punta da Cancelada.

A súa situación xeográfica:

Latitude: 42° 47' N

Lonxitude: 8° 59' O

O seu estuario xorde na desembocadura do Río Maior. Destaca pola súa beleza natural e as

súas praias:

- Medrón
- Parameán
- Fontenla
- Agrocobo
- Portiño
- Somorto

O seu accidente xeográfico é a Illa da Creba situada no medio da ría. Algúns dos seus picos máis importantes son: Tremuzo e Castelo Grande (máis de 300/525 metros), A Braña, A Pedra do Cadro, Campo Grande, Teixóns, Santa Mariña e o Pedregal. Esteiro ten unha poboación de uns 2000/3000 habitantes estables, distribuídos do seguinte xeito:

- Uhía
- Maio
- Creo
- Tras da Costa
- Pendente

*Os lugares de Marselle, Laxe e Portiño está practicamente deshabitados, e hai máis de duascenas casas abandonadas na bonita parroquia, a causa da grande emigración que dende hai moitísimo tempo padece gravemente toda esta zona. Algunhas dedicáronse co paso dos anos ao turismo, pois no verán súmanse ao redor de outros 1000 máis, turistas que veñen a desfrutar das praias, das regatas do equipo de remo esteirán, ver o campionato de barrios ao campo de fútbol A Salina, pescar calamares, xoubas (as crías das sardiñas), xardas etc..., e gozar de todos os praceres do mar.

A igrexa parroquial de Santa Mariña de Esteiro sitúase exactamente nos terreos que se encontran na marxe esquerda do camiño veciñal da Ponte de Esteiro ao lugar da Silvosa, no seu quilómetro 1, hectómetro 1 no ángulo que forman o camiño coa estrada.

CRONOLOXÍA

18 DE XULLO DE 1956: Inauguración do templo.



7 DE AGOSTO DE 1967: Esteiro independízase e sepárase de Tal.

13 DE FEBREIRO DE 1913: Nacemento do párroco D. Xosé Rodríguez R.

2 DE OUTUBRO DE 1940: D. Xosé chegou a Esteiro.

28 DE SETEMBRO DE 1952: A primeira pedra:

comezan as obras

15 DE SETEMBRO DE 1958: Publicouse unha noticia sobre a igrexa no Ideal Gallego.

XUÑO DE 1960: Repicaron por primeira vez as campás.

1607: Os primeiros datos históricos sobre Esteiro e Tal.

Datos históricos

A evolución desta poboación no tempo é a seguinte:

- Non coñecemos as súas orixes.
- Está no interior da ría rodeada de montañas de difícil ascensión.
- A súa relación non foi propicia para que resaltara as súas condicións xeográficas.



- Alí non se produciron acontecementos relevantes.
- Ata datas recentes (primeiros anos do pasado século) estivo incomunicada con terra.
- Unha das primeiras vías de comunicación foi un camiño denominado “Camiño Real” que se adentra polo Maio, atravesa o Río Maior, no que aínda se poden ver coa marea baixa unhas pedras que parecen ser as bases dunha pasarela, que ao parecer seguía por solleiros ata chegar a

Abelleira, só podía ser vía de paso a pé ou a cabalo ata Muros.

- Había outra vía ata Mazaricos.
- Polo mar podía chegar ao porto da pequena vila de Muros.
- Dende Muros podía chegar ata Noia para facilitar o comercio.

- Partindo de Noia podía chegar ata Santiago nunha lancha motora chamada “Carreto”.
- Os primeiros datos que coñecemos sobre a poboación datan da visita pastoral que fixo no ano 1607 o Cardeal arcebispo de Santiago Xerónimo de Hoyo, din que Santa Mariña de Esteiro (naqueles anos Esteiro levaba o nome da Santa)contaba con 29 habitantes mentres que Santiago de Tal tiña 32.
- Esteiro tiña máis espacio de caza, e máis días de pesca no ano.
- A illa da Creba e o areal do Artón foron magnífico refuxio para piratas e alí reparaban as súas embarcacións e facían escravos remeiros e recollían provisionns.

Datos socioeconómicos

A escaseza da poboación e a falta total de industrias convertíase nunha case absoluta inactividade pesqueira,que tiña como consecuencia a abundancia de espécimes que se multiplicaban e mantiñanse ao abrigo da ría(os peixes que máis abundaban por aqueles tempos eran en especial a sardiña e o bocarte).

Os cataláns déronse conta do que sucedía e acudiron a establecerse e construír fábricas de salazón,e así foi como os Romaní e o Portals, asentáronse en Esteiro e levantaron en Parameán,Boca do Río e Somorto as instalacións.█



Esta actividade atraeu a xente,necesaria para as dotacións dos barcos pesqueiros,toneleiros para construír os envases,mulleres(sobre todo para a elaboración e o acondicionamento do peixe,para reparar as redes e como complemento de unha serie derivadas ao anterior que acabamos de dicir, tamén destacaban os talleres de construción de lanchas e trañas.

A chegada dos cataláns non só implicou o desenrolo da pesca,senón que tamén foi o inicio de unha prometedor e grande actividade comercial,xa que os buques transportaban as sazóns a Cataluña e outros portos do Levante español.

Regresaban con un bo cargamento de sal,un dos produtos máis necesarios para a conservación das carnes,especialmente a de porco que era un produto moi consumido naquela terra,e que era tan apreciado que chegábanse a pagar os xornais con este produto (de aí vén o nome de salario ao que che pagan pola xornada de traballo),os buques tamén traían outros produtos necesarios para outras actividades e para o

consumo.


OBRAS

O día vinte e oito de setembro do ano mil novecentos cincuenta e dous, o excelentísimo señor Arcebispo de Santiago Dr. Don Fernando Quiroga Palacios, bendiciu solemnemente a primeira pedra da nova Igrexa Parroquial que o pobo de Esteiro quere construír na honra da súa patroa Santa Mariña.

O día que comezaron as obras, o entusiasmo dos cristiáns da parroquia de Esteiro, ao ver o arcebispo de Santiago a emoción era moi grande, só se podería comparar aquel maravilloso día co que se oíra por primeira vez a Santa Misa na igrexa.

Rematado o acto (ao que asistiron varios señores sacerdotes, o excelentísimo señor Gobernador Civil representado polo señor alcalde, as autoridades municipais e o numeroso público) a súa excelencia o doutor don Fernando Quiroga (cardeal-arcebispo de Santiago de Compostela) animou a todos os habitantes da pequena parroquia de Esteiro para que cada persoa colaborase aportando dende a mínima ata a máxima cousa, non só para construír o templo material, e tamén o espiritual.

Un día o párroco dixo no altar:



“Mañá comezan as obras da nova igrexa, todos os fregueses deben participar: os nenos e os vellos acudan á Santa Misa a pregar pola petición de Deus; os que teñen carros a carrexar pedras; os demais a cargar e descargar e a abrir os cimentos; traían os panadeiros cestas de pan para os que traballan, e bebidas os taberneiros; e por último, que os músicos alegren o pobo coma nun día de festa”.

Todo foi cumprido ao pe da letra: |

Dende aquel mesmo momento os carros botaron a rodar e non pararon de carrexar pedra dende a canteira, en Riomaior, ata o lugar das obras, onde os canteiros, todos nativos e dirixidos polo mestre de obras “o Rachelo”, modelaban a pedra e ían arrombándoa nos muros que pouco a pouco ían collendo forma.

Os mesmos carros percorrían os lugares da parroquia recadando donativos en especies, millo ou piñeiros do monte, donativos máis doados para os que carecían de suficientes medios económicos.

Foron moitos os carros que romperon e quedaron tirados nos camiños. Algúns xa nunca serviron para nada máis grazas ao continuo desgaste debido ao peso das pedras.

Inauguración

O 18 de xullo de 1956, na festividade da patroa da parroquia de Esteiro (Santa Mariña), o pobo espertou alborotado coa música das bandas e dos gaiteros que andaban polas rúas e camiños recordándolle a todos o esperado

Acontecemento: inaugurábase a nova igrexa, gracias á colaboración de toda a comunidade parroquial, guiada polo sacerdote Don Xosé Rodríguez Romero, que non deixou de esforzarse para conseguir levar a cabo este proxecto.

Unha hora antes do inicio da cerimonia, xa non cabía unha alma máis no interior da Igrexa Nova.

Ás doce en punto do mediodía, en compañía de varios sacerdotes da catedral de Santiago de Compostela, agardaban con impaciencia a chegada da súa eminencia o señor Cardeal don Fernando Quiroga Palacios, que era recibido polas autoridades aos acordes dunha banda de música, mentres os nenos da catequese que axitando bonitas bandeiras, facían un longo corredor ata o interior do novo templo sagrado.

A igrexa era consagrada pola súa eminencia unxindo co santo Crisma o altar e máis os muros, nas catro direccións simbolizando que todo o recinto, e para sempre, se dedicaría a relixión cristiá.



Despois de ser consagrada entoouse un Te Deum para dar grazas.

Seguidamente foi inaugurada a nova igrexa coa celebración da primeira eucaristía cantada por todos os seminaristas da bisbarra e do pobo, que estivera ensaiando previamente a celebración.

O sermón correu a cargo do sacerdote de Esteiro, reverendo Don Manuel Suárez Oliveira.

O señor cardeal que presidira o acto, deulle as grazas ao señor cura e a todo o pobo de esteiro, por se esforzaren tan extraordinariamente e solidarizarse ata obter unha importante edificación ao servizo da parroquia.

Ao remate da cerimonia, celebrouse unha comida na casa Romaní, ao que asistiron as autoridades civís eclesiásticas xunto co cunha numerosa representación de veciños.

Xente de toda a comarca, mesmo atravesando a Ría en embarcacións quixeron acompañar aos esteirás na solemne inauguración.

Despois da inauguración a prensa solicitoulle un artigo para anunciar o recente acontecemento, que se publicou o día 15 de setembro de 1956 no xornal de grande éxito en aquela época *Ideal Gallego*.

Outra data moi significativa para a historia da igrexa, foi o 7 de agosto de 1967, as doce da noite, era o día sinalado no que o señor cardeal Fernando Quiroga Palacios, declarou que esteiro deixaría de ser un anexo de Santiago de

Tal converténdose en independente e autónoma. Foi o propio Don Xosé quen con moi boa intención quíxolle outorgar a Esteiro a categoría da que era merecente.

Dende ese momento impartíronse na igrexa parroquial as seguintes actividades:

- Celebracións litúrxicas
- Catequeses de nenos, xoves e adultos
- Práctica de caridade
- Actividades culturais

Descrición

O frontispicio triangular, liso e sen relevos, que preside a fachada de imitación neoclásica, rematada por unha torre cadrada sobre a que se asenta unha imaxe granítica do Sagrado Corazón de Xesús que lle dá ao templo un carácter singular.



A igrexa ten planta de Cruz Latina, de unha soa nave de 9,00 metros de ancho por 35,00 metros de lonxitude e un cruceiro de 8,00 metros de ancho por 6,00 de fondo a cada lado, que dan unha superficie total para a igrexa de 423,00 metros cadrados, con unha sancristía (situada ao lado dereito do altar) e unha habitación simétrica para ornamentos (situada ao lado esquerdo do altar), tamén proxectaron un coro de nove metros de ancho por catro metros e medio de fondo, situado ata a fachada principal e que ten o seu acceso pola mesma escaleira dunha torre que se sitúa á dereita da fachada principal, de dezasete metros de altura.

Por ser dunha soa nave e de nove metros, o empuxe dos arcos de sillería que deben soportar a cuberta, é bastante considerable que se fixeran uns contrafortes que contrarrestaran os citados empuxes.

A igrexa esta construída de mampostería ordinaria con morteiro hidráulico, igual que a torre.

Os arcos interiores son de sillería.



Os paramentos van revocados e pintados con cal ou silicato.

A cuberta é de madeira con tella do país e no seu interior, en forma plana a dúas augas abovedada en canon.

O pavimento é de pedra con morteiro hidráulico e é máis alto que os terreos exteriores

A carpintería exterior é de castaño pintada ó óleo e as ventás con cristal de cor (as dos laterais do altar son as máis decoradas).



A conservación da igrexa

Algunhas ventás da igrexa están en mal estado como esta que vos mostramos.

Na parte de atrás da igrexa atopamos moitos desperdicios entre eles algo parecido a un sagrario semi queimado(nós cremos que é un antigo sagrario que leva aí moitos anos).

Entre outras cousas atopamos latas de refresco nun patio posterior que logo vos mostraremos.

Tamén hai restos de candeas, algunhas aínda algo quentes, encima de montóns de palla que cremos que foron os que decoraron o belén que había na igrexa este ano.

A porta estaba raiada e totalmente estragada pero aínda non coñecemos os motivos polos cales esto sucede.



Na primeira foto amosámosvos a desastroso estado no que se atopa o valo que rodea o recinto da igrexa.

A tubaxe negra indica o mal estado no que se encontran as vellas instalacións .

Na foto central ensinámosvos un tubo de pedra que nós mesmos vimos como se caía a pedazos e atopamos os anacos que lle faltan no patio exterior da igrexa.

As instalacións eléctricas non están moito máis desenroladas que as anteriores, atópanse nun estado deplorable, lamentable e moi perigoso porque se atopa nunha zona case inaccesible e mal coidada aínda que o funcionamento no interior da igrexa non ten nada que ver co que parece por fóra.

Na última imaxe pódese ver a cantidade de flores que hai aí, probablemente a igrexa leva moito tempo verténdoas aí pois algunhas xa están case descompostas e putrefactas e soltan un olor insoportable en todo o patio.



A primeira foto é do patio da igrexa onde atopamos a maior parte de desperdicios que nomeamos anteriormente

No patio atopamos entre outras cousas uns vasos aínda cheos e outras moitas bebidas.

O chan do patio principal esta totalmente cheo de cousas como por exemplo restos de tabaco, papeis e panos usados os froitos dunha árbore que está plantada cerca e ata pasta.

No patio posterior tamén hai numerosos cartóns dos cales non sabemos a procedencia pero a maioría dos desperdicios que por aí había parecen provir da igrexa.

Por último, a porta non sabemos para que se utiliza e a onde vai dar pero probablemente a unhas instalacións tan desastrosas coma as anteriores.

Anécdotas

O bombo

Un bo veciño do lugar da Silvosa ,de nome Diego, andaba en preito cun veciño por mor dos lindes dunha leira; este seu veciño pedíralle ao cura de San Cosme que interviñera ao seu favor no xulgado, cousa da que Diego era sabedor.

Un bo día , achégase Diego onda Don Xosé e dille:

- Señor cura: eu veño aquí porque para o mes que vén fai anos que faleceu a difunta da miña querida nai e quería terlle a cabo de ano.

-Moi ben -díxolle Don Xosé - e ¿para cando o querías?

-Fai anos o cinco do mes que vén.

-Pois para ese día será -respondeu Don Xosé.

-Pero mire, señor cura, eu quero que veñan todos os cregos menos o de San Cosme.

-Home, Diego, eso non pode ser: o cura de San Cosme é da táboa.

- Pois eu non o quero no aniversario de miña nai -dixo Diego.

-Mira , Diego -díxolle Don Xosé - imaxina que ti es cofrade de Santa Mariña este ano e que, querendo organizar unha boa festa, vas a Tállara contratar a banda de música, pero dislle ao director:mire, señor, eu quero que veñan todos os músicos menos o do bombo.¿Paréceche normal?

Diego, de moi mala gana, tivo que calar e achantar.Pero dende aquela, cada vez que viña o bo do cura de San Cosme ás funcións de Esteiro, a xente dicía:

¡¡¡AÍ VÉN O DO BOMBO!!!

CURIOSIDADES

A Torre



Conforme consta no plano, a primeira intención fora levantar a torre, en altura proporcionada á igrexa, na marxe esquerda do frontispicio, pero por razóns económicas acabouse construíndo en forma de espadana, sostendo a xeito de pedestal a imaxe de pedra do Sagrado Corazón de Xesús, obra do mestre Parrado, discípulo de Asorey, escultor compostelán de gran sona e prestixio.

Na mente do señor cura bulía a intención de revestir a torre de pedra do país, pero malia ter os planos para o seu revestimento, circunstancias imprevistas

impedírono.

Un día do mes de xuño do ano 1.960, festividade do Sagrado Corazón de Xesús, as campás, recién colocadas na torre de mans do Sabaro, repicaron por primeira vez convocando a celebración dunha primeira misa: era a dun sacerdote recién ordenado en Santiago de Compostela que, aínda que non nacera na parroquia, estivera vinculado a ela dende a nenez; andando no tempo, curiosamente, chegaría a ser cura párroco da mesma.

Na cerimonia de día tan sinalado, a liturxia brillou esplendorosa.

As oitenta voces da coral polifónica do Seminario Maior, da que formara parte durante tantos anos, desprazadas expresamente para participar na efeméride, interpretaron maxistralmente alternando cos fregueses, a misa de Pedro de Bilbao.



A casa reitoral

Rematárase a igrexa, pero aínda faltaba a casa reitoral, a vivenda para o sacerdote que fose destinado ao servizo desta comunidade. Tamén acometeu isto Don Xosé.

Levantouse arrimada á propia igrexa pola parte sur, comunicada

dende o interior cunha porta que dá ao presbiterio.

O proxecto foi obra do mesmo arquitecto da igrexa, Don Leoncio Bescansa Casares, do Colexio Oficial de Arquitectos de León, con delegación na Coruña.

Unha das grandes preocupacións do párroco en aquela época era a formación relixiosa dos nenos. Esforzábanse moito para que o catecismo fora divertido e educativo.

Asombraba observar ao rematar a santa Misa dos domingo, todos os nenos da parroquia formaban dúas ringleiras para entraren cantando ao interior do templo. Na cabeceira ían un neno e unha nena portando cada un un estandarte e, pechando as ringleiras, a imaxe do neno Xesús. Numerosas mozas da parroquia colaboraban axudando nesta tarefa.

Ao remate do curso, unha excursión, esperada durante todo o ano e vivíase con ilusión, poñía punto ao programa do catecismo.

Unha vez sucedeu na excursión un percance, nunha viaxe a Cee: na viaxe de volta, un dos camións que levaba aso nenos bateu nunha curva contra un automóbil. Foi casualidade que nel viaxara o señor Ministro de Obras, Conde de Vallellano, que fora inaugurar a recién construída ponte do Pindo.

Afortunadamente o accidente non pasou dun bo susto.

Actualmente vaise perdendo o interese e esta bonita tradición perdeuse na parroquia de Esteiro.

Independencia da parroquia

O último día de setembro de 1967, 12 da noite: eran o día e a ora elixidos para que Esteiro deixase de ser anexo de Santiago de Tal e se convertese en parroquia independente.

Era un momento moi importante na historia do pobo. O propio Don Xosé coa intención de outorgarlle a Esteiro a categoría da que era merecente o solicitou pero sucedeu en tempos de Don Jaime García Rodríguez.

NUM. 1 POLIO 1
Elvia
Maria Celis Torca
Torca - 1-X-1957

El día uno de Diciembre
del año mil novecientos sesenta y siete, en la iglesia
parroquial de San Marcos de Esteiro
Diócesis de Lugo
Ayuntamiento de Muros Provincia de Lugo
Yo, D. Jaime García Rodríguez


bauticé solemnemente
y puse por nombre Maria Celis
a un niño que nació en Elvia
el día veintidos de septiembre de este año

Es hija legítima de Manuel Torca Rave
y Manuela Torca Noya
naturales de Esteiro y Dutes
; nieto paterno
de Manuel Torca Piñeiro y Zerose
Rave Piñeiro
naturales de Esteiro

y materno de Manuel Torca Soubiza y
Benigna Noya
naturales de Dutes

Fueron padrinos Manuel Torca Casanova y
Antonia Torca Noya
vecinos de Dutes

Y para que conste lo firmo.



No día e ora sinalados, despois do disparo de vinte e unha bombas, daba comezo a Santa Misa. A igrexa, independentemente da hora, estaba che de fieis, moitos eran homes e mulleres que durante oito días recibiran preparación en cursos de cristiandade e charlas impartidas no recinto do cine Miramar, as mulleres recibíranas na igrexa.

A celebración foi moi participativa. Para atender as confesións desprazáronse varios sacerdotes dende Santiago de Compostela.

Abríronse os libros parroquiais para anotar neles bautismos, matrimonios, defuncións e demais acontecementos

relevantes que a partir de ese momento tiveran lugar na historia.

O cruceiro e a placa

O emotivo acto de descubrimento da placa en agradecemento ao labor parroquial do señor cura o día de Santa Mariña de 1967 di así:

“Gratitud perenne de los feligreses de Santa Marina de Esteiro a D. José Rodríguez Romero, nuestro bienquerido párroco. Durante 25 años trabajó con admirable celo por el engrandecimiento de esta parroquia. Prueba de su fecunda labor es la construcción de esta iglesia”



Na base do cruceiro que doou D. Xosé gravou as palabras do día da súa despedida: GRAZAS, PERDÓN ADIANTE.

FESTAS RELIXIOSAS



Santa Rita:

O 22 de maio, celébrase esta festa recente no santoral esteirán. Esta festa non foi oficial ata a etapa na que foi cura don Luís Lestón Lago. Antigamente era tradición peregrinar ata Santiago a véspera de Santa Rita para venerar a imaxe da santa avogada dos imposibles na igrexa de San Agustín.




Perpetuo Socorro

Celébrase o terceiro domingo de xullo, o día seguinte honrase a milagrosa

Santa Mariña

O 18 de xullo celébrase unha gran festa na honra da patroa de Esteiro con procesión marítima incluída.

Dende tempos inmemoriais, xente da outra banda da ría, do Son, Portosín e Noia acoden en romaría a bordo de todo tipo de embarcacións para pasar un día festivo. Os novos medios de comunicación por estradas remataron, xa hai algúns anos, con esta tradición. O día seguinte honrase a San Antonio.



Virxe do Carme

O 15 de agosto celébrase o día da Nosa Señora do Carme a gran festa dos mariñeiros, trasladada a esta data polos nosos antepasados para non coincidir coa mesma festa celebrada na vila de Muros no seu día propio que é o 16 de xullo.

Faise unha procesión marítima da que se encargan os barcos bateiros ata a illa da Creba.

Ao día seguinte faise na Igrexa Parroquial unha misa por todos os veciños afogados da parroquia.

Virxe das Dores

Celébrase o terceiro domingo de setembro. O día seguinte honrase a San Roquiño e péchase en Esteiro o ciclo das festas relixiosas anuais.



Fontes

Para facer este traballo as fontes de información que consultamos foron:

- En un principio buscamos en internet pero a información era errónea e escasa.
- Cada un de nós preguntoulle aos seus pais, avós e outros familiares.
- Os pais dixéronnos que había uns libro sobre a igrexa:
Memoria da igrexa de Esteiro no seu 50 aniversario (escrito por un ex-párroco de Esteiro: Jaime García Rodríguez.

A freguesía de Santa Mariña de Esteiro (escrito por: Xosé Agrelo Hermo e Francisco Abeijón Núñez, unha das nosas principais fontes de información).

ANEXO

Gastos e donativos

Primeiros donativos para a nova igrexa de esteiro ,segundo consta na primeira páxina do libro de ingresos.

Excmo.Sr. arcebispo de Santiago.....	5.000 ptas.
D. Xosé Rodríguez Romero.....	1.000 ptas.
D. Serafín Tobío Cernadas.....	1.000 ptas.
D. Xosé Riomaior Torea.....	1.000 ptas.
D. Xosé Maio Sande.....	500 ptas.
D. Manuel Lago Lado.....	300 ptas.
D. Manuel Pérez Figueroa.....	100 ptas.
D. Xoán Manuel Suárez Olveira.....	250 ptas.
D. Manuel Capón Fernández.....	100 ptas.
D. Anxo Rodríguez Suárez.....	50 ptas.
Un anónimo coa intención de que se aplique a súa Intención a primeira misa.....	5.000 ptas.
D.Pablo Maio Novo.....	100 ptas.
Fondos da igrexa parroquial.....	1.005 ptas.
Patrón do pesqueiro “Josefa Fontán”.....	250 ptas.
Tripulación.....	180 ptas.
Entregado por Julia Maio Tobío o día da súa boda.....	50 ptas.
Premio de lotería de decembro do 1946.....	100 ptas.
D.Ricardo Tobío Rama.....	500 ptas.
D. Xosé Monteagudo Romaní.....	250 ptas.
56 toneladas de piñeiros.....	16.800 ptas.
36 toneladas de piñeiros a 315 ptas.....	9.516 ptas.
Lugar de Uhía (2 carros de millo)	
Lugar de Maio (4 carros e algo máis)	
Tras da Costa e Pendente (1 e medio)	
Estrada e Ribeira (1 carro)	
Creo (3 carros)	

Trión (3 cestos)	
Solleiros(4 carros e medio)	
Reboredo(1 carro)	
Riomaior (1 carro)	
Silvosa e Lage (2 carros)	
198 ferrados de millo a 35 ptas.....	6.930 ptas.

Primeira folla do libro de gastos da nova igrexa

Follas de propaganda.....	200 ptas.
Estampas de Santa Mariña.....	300 ptas.
Selos de propaganda.....	15 ptas.
Follas de propaganda.....	100 ptas.
Unha viaxe a Santiago.....	75 ptas.
Follas de propaganda (feitas pola comisión).....	290 ptas.
Xantar en Esteiro aos enxeñeiros.....	130 ptas.
Viaxe á Coruña para tratar co arquitecto.....	150 ptas.
Ó Colexio de Arquitectos de A Coruña.....	756 ptas.
Viaxe a Santiago para presentar planos.....	75 ptas.
Viaxe a Santiago para falar co canceller.....	50 ptas.
1.Compra de terreos.....	7.000 ptas.
2.Compra de terreos.....	1.500 ptas.
3.Compra de terreos.....	2.000 ptas.
4.Compra de terreos.....	1.000 ptas.
Viaxe a Santiago para presentar plano ao Sr. Arcebispo.....	75 ptas.
Viaxe á Coruña para tratar co Sr. Arquitecto e aparellador.....	150 ptas.
Obsequio a estes señores.....	250 ptas.
Certificado de penais para explosivos na canteira.....	25 ptas.
A Manuel Rama por gastos de cortar os piñeiros no Maio.....	25 ptas.
Obsequio ás autoridades que asistiron á bendición da primeira pedra.....	150 ptas.

Derradeira colecta

Aos bos veciños de Santa Mariña de Esteiro

Aproxímanse as nosas festas patronais e con elas o aniversario da bendición da nosa igrexa, desde que se inaugurou proseguiron as obras sen interrupción (construción da sacristía, bancos, instalación da luz etc...

Pero para realizar outras de maior envergadura e necesidade é preciso que nas próximas festas poñamos **TODOS** aos pés da nosa patroa, con gran fe e sacrificio, un donativo si **TODOS** responden a este chamamento será o último e definitivo esforzo co cal poríamos seguidamente en marcha a construción da bóveda, coro, pórtico da porta principal, algúns altares e a torre que sea digna de tan grande templo e que, erguida no centro do pobo, será o seu mellor adorno é un santo orgullo para os bos fillos de Esteiro.

A cota mínima que ha de entregarse nesta ocasión debера ser de CEN PESETAS para a igrexa e VINTECINCO PESETAS para as festas; a cota máxima ca sinale cada un segundo as súas posibilidades e a súa bontade.

Entregade en sobre pechado o voso donativo na igrexa durante a novena de Santa Mariña.

Bendícevos

O VOSO PÁRROCO